

QUE É O TIN?

TIN significa **tipo de xuro nominal**.

É o prezo que o banco ou a entidade financeira cóbrache por prestarche o diñeiro.

É un dos aspectos **máis importantes** á hora de elixir un crédito ao consumo.

Canto **máis baixo** sexa o TIN, menos pagarás polo crédito.

Como funciona o TIN?

Vexámolo cun exemplo:

Exemplo 1: TIN do 0 %

Imaxina que queres comprar un computador que costa 600 €.

Ofrécenche un crédito ao consumo para pagalo en 12 meses cun TIN do 0 %.
É dicir, sen xuros.

Isto significa que pagarás:

- 12 cotas de 50 € cada mes.
- En total: 600 €.

Só pagarás o que vale o computador.

Exemplo 2: TIN ao 7 %

Agora imaxina que compras o mesmo computador de 600 €.
Pero danche un crédito para pagalo en 12 meses
cun TIN do 7 %.

Isto significa que pagarás:

- 12 cotas de 52 € cada mes.
- En total: 623 €.

Iso significa que pagarás 23 € de xuros,
que se suman aos 600 € que vale o computador.

Atención! Tamén pode haber outros gastos



Ademais do TIN,
pode haber outros custos no crédito, por exemplo:

- Custos para estudar se che dan ou non o crédito.
- Custos para formalizar o préstamo.
- Comisión de apertura.

Estes custos non se inclúen no TIN,
pero si na **TAE**, a taxa anual equivalente.

Pode pasar que un préstamo teña:

- O TIN do 0 %, é dicir, sen xuros.
- Pero que a TAE sexa maior de 0 %,
porque o banco ou a entidade financeira
che cobra outros custos.

Que debo facer neste caso?

Tes que ler ben a documentación precontractual
e o contrato, e ter moito coidado co que asinas.

Ás veces, as ofertas dos créditos
din que non hai xuros, pero si hai outros custos.

Mira sempre a TAE do crédito
para saber o seu custo total.